


Texto: **XOSÉ BALLESTEROS**  
Proposta estética: **JUAN VIDAURRE**

Encadernado en cartón. 20x20 cm.  
36 páxinas. Ilustracións a toda cor  
Dispoñible en:

-Galego: "Imaxina animais"  
ISBN 978-84-8464-650-1  
-Castelán: "Imagina animales"  
ISBN 978-84-96388-71-0

Prezo: 12 €



## IMAXINA ANIMAIS

**Pasaron anos e comprobei que hai moitos máis perigos dos que un pode imaxinar. Bechos que nos espreitan, animais que nos vixían sen que nos decatemos da súa ollada...**

**A miña avoa sempre me dicía: «Anda con coidado cando saias por aí!», e que razón tiña.**

O abrenoiotes, o metrocol, o tibulatas, a bolbopecha... Por terra, mar e aire, estes singulares animais sorprenderán ao lector, animándoo a contemplar os trebellos do seu contorno con outro punto de vista, porque nada é o que parece.

Ideas que van e veñen, xogos de palabras, ferramentas que deixan de ser o que son para camuflarse nun espazo alleo... Neste libro de creación conxunta entre Xosé Ballesteros e Juan Vidaurre, os autores descontextualizan o significado das cousas, alteran por sorpresa o seu estado natural e propóñenlle ao lector un xogo próximo ao das greguerías de Gómez de la Serna para descubrir a vida oculta dos obxectos, cunha proposta estética chea de humor e paradoxas.

Neste catálogo de ideas-obxecto, Vidaurre constrúe metáforas visuais asociando insolitamente dous entes que proceden de espazos que, por separado, nada teñen que ver entre si, pero que comparten algunha cualidade física ou abstracta. O seu traballo inspírase na obra poético-visual de Joan Brossa e do fotógrafo Chema Madoz. E ao igual que os seus principais referentes artísticos, transforma os obxectos, dótaos de ollos, ás, antenas, bocas e patas. Como un equilibrista dos conceptos, consegue que o lector experimente curiosidade ante a mestura chocante destes elementos sobre fondos neutros.

Os textos de Xosé Ballesteros achegan o lector a un estraño medio natural, no que se confunde a realidade coa ficción; onde -xogando coas palabras- se evocan animais inexistentes a través das súas características e dos ambientes nos que habitan. Trátase dun exercicio de estilo, un elaborado traballo

literario no que subxace o concepto surrealista de 'palabra-maletín' de Xulio Cortázar, o 'nonsense' ou disparate creado por Lewis Carrol -practicado tamén por Edward Lear- e no que se aprecia unha homenaxe a Gianni Rodari e á súa 'fantástica'.

### **XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)**

Escritor, editor, especialista en literatura infantil. Imparte obradoiros de escrita creativa para docentes, escolares e afeccionados á literatura. Ten publicado, entre outras obras, a novela "Talego" (Premio García Barros de Novela 1993. Ed. Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No ámbito da literatura infantil e xuvenil publicou a serie "Os Gordibolas" (Ed. Xerais, 1996) e adaptou varios contos populares, como "O coelliño branco", "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frutista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA.

### **JUAN VIDAURRE (Madrid, 1970)**

Dende 1997 traballa como deseñador gráfico freelance facendo traballos de deseño editorial, identidade corporativa, ilustración, deseño publicitario e carteis. Foi coordinador do proxecto gráfico editorial en Ediciones Cinca. Ten publicado varias obras en Blur Ediciones, como "Con obxecto de expresar". Tamén protagonizou exposicións individuais e colectivas en salas de Madrid. Algúns dos carteis que deseñou foron premiados en varios certames.

- **Temática:** concepto idea-obxecto
- **Idade recomendada:** desde 9 anos
- **Aspectos destacables:** libro de autor; visión creativa do mundo que nos rodea; técnicas do collage e fotomontaxe
- **Aplicacións:** estimular a imaxinación, xogar a darlles aos obxectos outros significados; recomendado en obradoiros de escrita creativa